



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, SA, PARA A XESTIÓN DAS MICROPLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DA PROVINCIA DE OURENSE.

En Ourense, no Pazo Provincial, o 1 de febreiro de 2010, comparecen:

Dunha parte, **don José Luis Baltar Pumar, presidente da Deputación Provincial de Ourense**, actuando en representación desta entidade local, de conformidade co disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, **don Luis Alberto Lamas Novo, na súa condición de presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA, (en adiante SOGAMA)**, actuando en representación desta sociedade mercantil pública.

Da fe do acto don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense.

As partes comparecentes recoñécense plena capacidade para o outorgamento do presente convenio de cooperación, e na súa virtude

EXPOÑEN

1º) Que, ó abeiro do establecido no artigos 10.1.a) da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) ten asignada a función da xestión dos residuos urbanos a partir do



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

momento en que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de xestión de residuos urbanos.

Para a posta en marcha deste sistema integral na provincia de Ourense, SOGAMA SA prevía, inicialmente, a necesidade da construción de catro plantas de transferencia de residuos nesta provincia, das que, na actualidade, só se construíron dúas (situadas en San Cibrao das Viñas e A Rúa de Valdeorras).

2º) Que, de conformidade co disposto na lexislación de réxime local e no artigo 5 e concordantes da Lei de residuos de Galicia, os concellos ostentan a competencia da recollida, transporte e valorización e eliminación dos residuos sólidos urbanos. Pola súa parte, a Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co establecido no artigo 36 da Lei de bases de réxime local e no artigo 6 da Lei de residuos de Galicia, ten como competencia propia a de cooperación cos concellos en materia de xestión de residuos sólidos urbanos.

A Deputación Provincial de Ourense, en execución dun Plan Provincial de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos financiado con cargo ó Fondo de Cohesión, procedeu no seu día á construción de once microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense. Estas microplantas complementaron a infraestrutura de transferencia de residuos de SOGAMA nesta provincia, facilitando ós concellos adheridos ó sistema de xestión de SOGAMA a entrega dos seus residuos (reducindo drasticamente as distancias máximas de transporte de lixo) e facendo innecesaria a construción de dúas das catro plantas de transferencia inicialmente previstas por SOGAMA.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

3º) En setembro de 2002 a Deputación asinou un convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e con SOGAMA, onde se recollían certos aspectos da solución que a Deputación achegou para a transferencia de RSU na provincia (construción de once microplantas) fronte á solución inicialmente prevista por SOGAMA da construción de catro plantas de transferencia no territorio provincial. Neste primeiro convenio SOGAMA obrigábase a, unha vez construídas pola Deputación as microplantas de transferencia, asumi-la súa explotación.

4º) En data 1 de abril de 2004 a Deputación asinou un novo convenio de colaboración con SOGAMA, que substituíra ó inicial do ano 2002, cuxo contido, en resumo, era o seguinte:

- Dunha parte, a Deputación Provincial cedía a SOGAMA os seguintes bens, equipos e instalacións necesarios para a realización das operacións de transferencia de residuos: once microplantas tipo T2 e T3, tódolos equipos nelas instalados, tres cabezas tractoras con semirremolque e os correspondentes colectores de transporte.

- Pola súa parte, SOGAMA asumía os seguintes compromisos: realiza-la explotación e uso das instalacións cedidas (mediante medios propios, subcontratados ou en convenio con outras entidades) a utilización e adecuado mantemento dos bens, equipos e instalacións cedidas e o aboamento de tódolos custos que supuña a explotación e mantemento dos ditos bens equipos e instalacións.

5º) A día de hoxe o convenio de 1 de abril de 2004 non foi executado na súa totalidade. En efecto, este convenio condicionaba a transferencia das microplantas a que estas obtivesen a correspondente licenza urbanística e a que os concellos ós que



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

prestasen servizos non tivesen débedas pendentes con SOGAMA. Se ben actualmente tódalas microplantas contan coa preceptiva licenza urbanística, a subsistencia de débedas por parte dalgúns concellos atrasou a plena posta en marcha do convenio. Ante esta situación, e por acordo plenario do 28 de abril de 2006, a Deputación Provincial de Ourense creou o servizo supramunicipal de transferencia de residuos, prestado mediante o uso destas once microplantas, establecendo ademais as condicións básicas para a prestación do dito servizo, incluíndo a posibilidade da súa delegación nas mancomunidades de concellos. Coa creación deste servizo supramunicipal garantiuse a posta en funcionamento das microplantas con carácter previo á súa transferencia a SOGAMA, permitindo a posta en práctica do sistema de xestión ó asumir SOGAMA toda a loxística de transporte entre as once plantas de transferencia construídas pola Deputación, aínda que non asumise a súa xestión e explotación, limitándose esta exclusivamente ás dúas plantas construídas pola propia SOGAMA (San Cibrao das Viñas e a Rúa) das catro inicialmente previstas.

6º) A experiencia de xestión das microplantas pola Deputación ou polas mancomunidades delegadas, de se-lo caso, e as dificultades atopadas para a plena execución do convenio do 1 de abril de 2004, levou a estudar fórmulas alternativas para a regularización da situación destas infraestruturas.

Neste senso, por parte da Deputación Provincial de Ourense propúxose como fórmula alternativa que a xestión das microplantas se atribuíse á propia Deputación Provincial (por si ou mediante delegación nas mancomunidades) exonerando a SOGAMA da obriga de xestionalas, e que, en contrapartida por esta xestión, SOGAMA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

aboase á Deputación Provincial a mesma cantidade que actualmente está a aboar á empresa xestora das plantas de transferencia de titularidade de SOGAMA.

Con relación á dita proposta, e con data 3 de decembro de 2009, o Servizo de Augas e Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense elaborou un estudo económico, que se inclúe como anexo I do presente convenio, e do que resultan as seguintes conclusións:

a) En primeiro lugar, o estudo revela que os custos de loxística que debe soportar SOGAMA para a recollida dos residuos nas once microplantas de transferencia e o seu transporte ó complexo mediomabiental de Cerceda, son levemente inferiores ós que tería que soportar no caso de que a Deputación non tiveses construído esas microplantas e SOGAMA realizase a transferencia dende as catro ecoplantas inicialmente previstas. A isto, ademais, hai que engadirlle que SOGAMA aforrou os custos de construción de dúas das catro microplantas, e que dende a Deputación Provincial se cederon, para cupri-lo convenio de abril de 2004, diversos medios, como os colectores e tres cabezas tractoras con semirremolque.

b) En segundo lugar, o estudo revela que o custo medio de xestión das microplantas provinciais (excluída a súa amortización, que nunca estivo incluída nos convenios con SOGAMA) é de 4,64 € por tonelada tratada, en tanto que o prezo que SOGAMA paga actualmente por tonelada transferida nas súas dúas plantas na provincia é de 3,65 €.

A partir destas conclusións, o estudo realizado propón que se atribúa á Deputación Provincial (por si ou por delegación) a xestión das microplantas a partir do



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

1 de febreiro de 2010, comprometéndose SOGAMA a aboar, por cada tonelada transferida 3,65 €, asumíndose o resto do custo operativo das microplantas pola propia Deputación Provincial (0,99 céntimos por tonelada), e sen prexuízo de que este custo poida, á súa vez, ser repercutido ós concellos usuarios que, á súa vez, poderán repercutilo nas taxas que cobran polo servizo. O sistema proposto permitiría acadar as seguintes vantaxes:

- O sistema, en primeiro lugar, é vantaxoso para SOGAMA, xa que reduce os custos de loxística que soportaría esta entidade no caso de que tivese que construí-las dúas plantas a maiores das existentes inicialmente previstas, permitíndolle ademais aforra-los custos de construción desas dúas plantas e mantendo un custo de operatoria das microplantas igual ó das súas plantas propias.

- O sistema é igualmente beneficioso para os concellos, que reducen drasticamente os custos de transporte do lixo. Neste senso, a posible repercusión nos concellos dos 0,99 €/tonelada non cubertos por SOGAMA (no caso de que esa repercusión se levase a cabo) é moi inferior ó aforro obtido polos concellos pola redución dos custos de transporte, co que o resultado segue a ser altamente beneficioso para as administracións municipais.

- O sistema é igualmente beneficioso para a Deputación (ou, de se-lo caso, as mancomunidades delegadas), ó garanti-lo financiamento, con cargo a SOGAMA, da maior parte do custo de xestión das microplantas (en concreto, o 78,66 %)



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

Polo exposto, as partes, trala autorización previa do Pleno da Deputación Provincial de Ourense e do Consello de Administración de SOGAMA, acordan a sinatura do presente convenio de cooperación, conforme coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten como obxecto regula-la cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) para a utilización, por parte de SOGAMA, das once microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos construídas pola Deputación Provincial de Ourense nesta provincia.

En virtude do presente convenio, as once microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos construídas pola Deputación Provincial de Ourense nesta provincia, e que figuran relacionadas no anexo II, integraranse funcionalmente no sistema de xestión de residuos sólidos urbanos actualmente xestionado por SOGAMA, sen prexuízo do mantemento da súa titularidade provincial, coa condición de bens de dominio e servizo público.

Segunda.- Prestacións a que se obrigan as partes.-

A cooperación para a utilización, por parte de SOGAMA, das microplantas provinciais no marco do seu sistema de xestión de residuos sólidos urbanos levarase a cabo mediante a realización polas partes das seguintes prestacións:

a) Prestacións a cargo da Deputación Provincial de Ourense:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

Con efectos a partir da data de efectividade do convenio, a Deputación Provincial realizará, a favor de SOGAMA, as seguintes prestacións:

a.1) Cederlle a SOGAMA, en propiedade, libres de cargas e gravames 37 colectores de alta capacidade (40 m³) para transporte de lixo por estrada. Os ditos colectores entregaranse debidamente reparados e en perfecto estado de uso, debendo procedela Deputación, se é o caso, á súa reparación. No acto de entrega, estenderase a correspondente acta, na que consten os bens e equipos cedidos e o seu estado no momento da cesión.

a.2) Xestionalo funcionamento das microplantas, de conformidade coas normas directrices e prescricións técnicas establecidas no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, e en condicións que permitan a entrega dos residuos a SOGAMA,

A xestión das microplantas poderá ser realizada pola Deputación ou ben delegada nas mancomunidades da provincia. Ademais, e para a xestión destas instalacións, a Deputación Provincial ou as mancomunidades delegadas poderán utilizar calquera das formas de xestión previstas na vixente lexislación de réxime local para a xestión dos servizos públicos.

A Deputación Provincial ou as mancomunidades delegadas unicamente admitirán nas súas plantas residuos procedentes de concellos ou outras entidades locais integradas no sistema de xestión de residuos de SOGAMA que teñan contrato de servizo en vigor con esta sociedade pública.

b) Prestacións a cargo de SOGAMA:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

Con efectos a partir da data de efectividade do convenio, SOGAMA realizará, a favor da Deputación Provincial de Ourense, as seguintes prestacións:

b.1) Recolle-los residuos tratados nas microplantas provinciais, asumindo a súa propiedade dende a entrega, e procedendo á súa completa xestión a partir dese momento.

b.2) Aboarlle á Deputación a cantidade de 2.700 €/unidade, IVE excluído, pola entrega dos 37 colectores de alta capacidade para transporte de lixo por estradas.

b.3) Aboarlle á Deputación Provincial a cantidade de 3,65 € (IVE excluído) por cada tonelada de lixo entregada.

O pagamento destas cantidades realizarase no prazo máximo de noventa días a partir da emisión da correspondente factura pola Deputación de Ourense. A demora no pago por parte de SOGAMA determinará para a Deputación Provincial de Ourense o dereito a percibi-los xuros legais previstos na lexislación de contratos do sector público. En todo caso, será condición imprescindible para o aboamento dos importes anteriores que a Deputación presente as correspondentes facturas.

O prezo anterior será revisado e actualizado anualmente o día un de xaneiro de cada ano, segundo as variacións experimentadas polo índice de prezos ó consumo nos 12 meses anteriores. As referidas actualizacións efectuaranse con carácter acumulativo, tomando como base para cada actualización o importe vixente na data da revisión

b.4) Destina-los bens e equipos cedidos en virtude do establecido na cláusula 2.a.1) ó seu uso no sistema integrado de xestión de residuos sólidos urbanos na



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

provincia de Ourense, asumindo tódolos custos derivados da súa conservación e mantemento e procedendo á súa substitución cando sexa necesario.

Na realización das prestacións previstas no presente convenio, as partes observarán tódalas esixencias medioambientais contidas na lexislación e as esixidas pola autoridade medioambiental competente.

Terceira.- Comisión de Control e Seguimento.

Constitúese unha comisión de control e seguimento, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante da Deputación Provincial de Ourense e un representante de SOGAMA, designados polo órgano competente de cada entidade. As funcións de presidencia da comisión corresponderanlle ó representante da Deputación. A secretaría da comisión corresponderalle ó secretario xeral da Deputación, con voz e sen voto.

O funcionamento desta comisión axustarase ó disposto para os órganos colexiados no Título II da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

En particular, corresponderanlle á comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Estudar e propoñer as modificacións ou adicións ó presente convenio que se estimen convenientes.
- Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

prexuízo da posibilidade de que as partes acudan ós órganos da xurisdición contencioso administrativa impugnando os actos que dite a comisión de control e seguimento no exercicio desta función.

- Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.

Cuarta.- Eficacia temporal do convenio.

O presente convenio terá vixencia de catro anos a partir do 1 de febreiro de 2010, podendo, en todo caso, prorrogarse por acordo expreso entre as partes.

Quinta.- Causas de resolución do convenio

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

a) Por mutuo acordo entre as partes.

b) Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte entenderase referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.

c) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolver-lo convenio porá previamente en coñecemento da comisión de seguimento a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

que proceda, contra a que caberá o exercicio das accións legalmente previstas no noso ordenamento xurídico.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a comisión de control e seguimento, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O acordo de liquidación será susceptible de revisión xudicial polos órganos da xurisdición contencioso administrativa, de conformidade do lexislación vixente.

O pago das obrigas derivadas da dita liquidación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

Sexta.- Liquidación de convenios anteriores

Á entrada en vigor do presente convenio quedarán totalmente extinguidos e liquidados os convenios anteriores asinados entre a Deputación Provincial de Ourense e a Sociedade Galega de Medio Ambiente en relación coas microplantas de transferencia da provincia de Ourense, renunciando expresamente as partes a calquera reclamación ou acción administrativa ou xudicial que lles puidese corresponder.

A presenta cláusula queda condicionada a que se proceda á devolución á Deputación das cabezas tractoras con semirremolque cedidas ó abeiro do convenio de 1 de abril de 2004, no seu estado actual. De devolución destes vehículos estenderase a oportuna acta.

Sétima. Natureza xurídica. Xurisdición competente.





DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

O presente convenio constitúe un negocio xurídico excluído do ámbito subxectivo da Lei de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 4.1.d) da dita lei. A súa natureza é a dun convenio de carácter administrativo de colaboración, no marco do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, entre unha administración pública e sociedade mercantil pública encargada da xestión do dito plan.

En consecuencia, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso administrativa a resolución das cuestións relativas á súa validez, interpretación, execución, efectos e extinción.

E, en proba de conformidade, asinan o presente documento, en Ourense, en triplicado exemplar e para un só efecto,

<p>POR SOGAMA</p> 	<p>POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE</p> 
<p>Asdo: Luis Alberto Lamas Novo</p>	<p>Asdo: José Luis Baltar Pumar</p>

Dou fe, o secretario xeral,

Asdo: Francisco Cacharro Gosende





DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

A N E X O II

PLANTA	TERMO MUNICIPAL	TIPO
Conso-Frieiras	A Gudiña	T2
Ourense	Maceda	T2
Baixa Limia	Muíños	T2
Santa Águeda	A Peroxa	T2
Navea-Bibeí	A Pobra de Trives	T2
Monterrei	Verín	T2
Viana	Viana do Bolo	T2
Carballiño	O Carballiño	T3
Celanova	Celanova	T3
Ribeiro	Beade	T3
A Limia	Xinzo de Limia	T3

